

AXUDAS

Bono consolida

(Cooperativas, sociedades laborales, centros especiais de emprego e empresas de inserción)

CONVOCATORIA 2025



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

Páxina 3	NORMATIVA REGULADORA FINALIDADE BENEFICIARIAS E REQUISITOS
Páxina 4	CONCEPTOS SUBVENCIONABLES CONTÍAS PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
Páxina 5	TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN PERÍODO DE EXECUCIÓN XUSTIFICACIÓN FINANCIAMENTO

IMPORTANTE:

**A información que se ofrece neste documento é un resumo
que non substitúe a orde de bases reguladoras.**

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia “Bono consolida economía social” e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025 (código de procedemento TR802L) (DOG do 11.02.2025).

FINALIDADE

Apoiar a consolidación das entidades da economía social e reforzar a súa presenza no tecido económico de Galicia co fin de incrementar a súa competitividade e manter empregos de calidade.

BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Esta convocatoria diríxese a:

- a) sociedades cooperativas
- b) sociedades laborais
- c) empresas de inserción
- d) centros especiais de emprego

As entidades deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

- a) Figurar inscritas no correspondente rexistro administrativo da Comunidade de Galicia.
- b) Ter presentadas as contas anuais do último ano no Rexistro Mercantil, no de Cooperativas ou no de Fundacións, segundo corresponda.

c) Os centros especiais de emprego que teñan forma xurídica de asociación, deberán ter aprobado o balance e conta de resultados na Asemblea Xeral.

d) Acreditar unha antigüidade de 42 meses, que se computará desde a data de inscrición da entidade solicitante no correspondente rexistro administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia. Excepcionalmente, tamén poderán ser beneficiarias aquelas cooperativas que, estando actualmente inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia, acrediten ter estado inscritas no Rexistro Central de Cooperativas do Ministerio de Trabajo y Economía Social cunha antigüidade de 42 meses e ter cambiado de ámbito.

e) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

f) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

g) Non ter sido sancionadas coa perda da posibilidade de obter subvencións.

h) Non ter obtido unha resolución favorable de concesión de axudas ao abeiro da orde do 29 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono Consolida economía social e se convoca para a anualidade 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Os conceptos subvencionables son:

1. Equipamento informático.
2. Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas Web.
3. Márketing, comunicación ou relanzamento comercial.
4. Mellora na eficiencia enerxética.
5. Adquisición de equipamento.
6. Reforma do local de negocio.
7. Mobiliario.
8. Obtención de certificacións de calidade.
9. Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade.
10. Plan de Protección de datos.
11. Elementos de transporte
12. Actividades formativas para as persoas socias da entidade solicitante que estean dados de alta no RETA.

Os servizos descritos nos número 3, 8, 9, 10 e 12 deberán estar implantados ou realizados no período de execución.

Todas as inversións deberán estar destinadas aos centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTÍAS

A contía da axuda será do 80% do custo total dos gastos subvencionables, cos seguintes límites:

- 5.000,00 € para cada un dos gastos incluídos nos conceptos subvencionables 3, 8, 9, e 10.
- 600,00 € para cada actividade formativa que realice cada persoa socia da entidade que estea inscrita no RETA

O límite máximo das axudas establécese en 30.000 € por cada entidade solicitante. No caso de que se solicite unha contía superior concederáse de acordo coa orde de prelación establecida no artigo 6 da orde da axuda.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente** por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

As entidades solicitantes deberán presentar unha única solicitude, que deberá estar acompañada da documentación complementaria sinalada na orde.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Dous meses, a partir do día 21 de febreiro de 2025 (pois o prazo comezará a contar a partir do oitavo día hábil seguinte ao da publicación da orde no DOG)

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

O órgano competente para resolver estas axudas é a Dirección Xeral Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. O órgano instructor será a Subdirección Xeral de Economía Social.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concorrencia non competitiva

PERIODO DE EXECUCIÓN

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Dende o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro 2025.

Os servizos e/ou os investimentos subvencionables deberán estar realizados no período de execución indicado e as facturas deberán estar emitidas no dito período ao igual que os plans, informes e demais entregables dos servizos desenvolvidos.

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación conforme á resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos mediante solicitude conforme o modelo que figura como anexo II na orde.

Data máxima de presentación da solicitude de pagamento e xustificación das accións:

10 de novembro de 2025

FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está dotada con 2.730.000 €.

As axudas están financiadas con fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.

MÁIS INFORMACIÓN

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

Edif. Administrativo San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
981 544 784

eusumo.gal

610 174 389

info@eusumo.gal

economiasocial.emprego@xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



eusumo
Cooperativismo e Economía Social